

SESION EXTRAORDINARIA ESPECIAL DE 15 DE XULLO DE 2019

(Acta Número 08)

Sr. Presidente:

Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde

Sres. Deputados:

D. Argelio Fernández Queipo
D. Alvaro Santos Ramos
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Lino Rodríguez Onega
D. Eduardo Vidal Baamonde
D^a. Sonsoles López Izquierdo
D^a. M^a. Elena Candía López
D. Xosé Ferreiro Fernández
D. Manuel Martínez Núñez
D. Juan Carlos Armesto Quiroga
D. Antonio Veiga Outeiro
D. Miguel Angel Sotuela Vega
D. José Antonio García López
D^a. M^a. Angeles Teijeiro González
D. Ramiro Moure Ansoar
D. José Ulla Rocha
D. José Demetrio Salgueiro Rapa
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Pardo Lombao
D. Jesús Carreira Ferreiro
D. Jesús Manuel Núñez Díaz

Secretaria:

D^a. María Esther Alvarez Martínez

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as catorce horas do día **quinze de xullo de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión extraordinaria especial convocada para este efecto.

Actúa a Secretaria D^a. María Esther Alvarez Martínez.

Non asiste o Sr. Deputado D. José Manuel Yanes Ginzo.

Aberta a sesión, adoptouse en relación co asunto incluído na Orde do Día, o seguinte acordo:

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA VINTE E OITO DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE.**

O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de maio de dous mil dezanove, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, Voceira do Grupo Provincial Popular, para dicir o seguinte:

“Xa no pleno anterior, e en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, pedíramos a palabra para facer non sei se balance ou compartir nesta sesión plenaria algunhas reflexións, e invitousenos a deixalo para o último pleno.

Polo tanto creo que procede, aínda que sexa da maneira máis breve posible, e dado que remata un mandato que cando menos creo que fará historia por moitas razóns, e sendo o máis positiva e construtiva posible, gustaríame tamén que na acta da última sesión quedaran esas reflexións ou eses recordos.

É indubidable que o 24 de xuño do ano 2015, xa non só a nivel político senón a nivel persoal, asumía a Presidencia desta Institución nun breve e intenso tempo; e en primeiro lugar evidentemente teño que agradecer a tódolos compañeiros que fixeron posible que fose así, que non foron outros caos do Grupo Provincial que represento.

A partires de aí, como dixen que quería ser breve e vou selo, e non se trata de facer ningún discurso organizado senón de compartir reflexións que máis ca reflexivas saen do sentimento e dunha etapa francamente dura pero tamén moi construtiva para a provincia, e moi gratificante.

En primeiro lugar creo que procede facer ese agradecemento ós meus compañeiros pola súa lealdade, polo seu compromiso, e por esa dedicación non só neses catro meses de goberno senón especialmente no resto do mandato.

Unha vez máis, é a segunda pero non por iso é menos importante tamén, quería agradecer a dedicación, a atención, e ese agarimo que sempre nos demostran a maior parte dos traballadores desta Casa, que sen dúbida son contitativamente moitos pero cualitativamente tamén moi importantes; todos sabemos as dificultades que en moitas ocasións se atopa a oposición e certamente a atención para con nós sempre foi absolutamente exemplar, e a mín gustaríame poñela en valor.

E por suposto unha reflexión do que supuxeron estes catro anos de mandato; a coherencia era básicamente o principio que intentou inspirarnos, e as iniciativas que este Grupo levou a Pleno ou defendeu en tódalas reunións de traballo que se mantiveron eran as mesmas cando tiñan algunha capacidade de influencia no remate da decisión como cando non a tiña, evidentemente tamén poñendo en valor esa capacidade de consenso e de diálogo que demostrou o Presidente, creo que entre todos fomos quen de conquistar un cambio absolutamente importante para a provincia de Lugo, e especialmente para os concellos desta provincia, e por extensión para os nosos veciños e veciñas; é indubidable que todos somos partícipes, probablemente neste mandato máis ca nunca por ser un goberno en minoría, e por tratarse ademáis de períodos e de conflitos políticos bastante irreconciliables en moitos casos, foi imprescindible a responsabilidade e a altura de miras de tódolos que representamos ós Partidos Políticos.

Tamén creo que o resultado debemos poñelo en valor, nun momento en que, como sabemos todos, a nivel nacional hai un futuro incerto, incluso algúns falan de que pode volver haber eleccións; un momento onde en moitas Corporacións locais tamén a poucos días de constituirse as Corporacións afloran enfrontamentos, incluso algúns nesta provincia, e problemas, a posibilidade de conquistar dende o ano 2016, que foi o primeiro acordo que se asina, estando representada unha boa parte da Corporación, de feito ese acordo foi asinado en representación de 23 dos 25 Deputados, e arrincar logo o que sería o desenvolvemento do que todos aplaudimos como Plan Único para a provincia, ou un reforzo no investimento no plan de estradas, por poñer algún dos

exemplos que todos coñecemos, e que esperemos, como dixemos todos, que veñan para quedar, creo que debe permitir escribir con toda humildade unha nova páxina na historia desta Institución.

A nivel político evidentemente procedía dicir algunha outra cousa, pero creo que, especialmente por respecto ó Presidente, non o imos facer. Este Grupo lamentamos, e non sei se é unha frase descritiva pero probablemente si que o sexa, que o Partido Socialista volva facer un “Martínez” con vostede, pero o que si é certo é que a nivel persoal este Grupo, e nomeadamente a persoa que lle fala, desexalle o mellor, e agradécelle especialmente o cumprimento da palabra dada non só a este Grupo senón especialmente ós veciños e veciñas desta provincia.

Como saben tamén este Grupo volveu gañar as eleccións nos pasados comicios locais, volvemos ter os doce dos vinte e cinco Deputados, e por conseguinte con luz e taquígrafos temos o noso proxecto de provincia e temos vontade de explicarllo ó resto das forzas políticas que constitúen esta Corporación; se quere que sexamos escoitados nós estaremos encantados e traballaremos para que sexa así, e senón creo que o mellor espello onde mirarse é sen dúbida este mandato onde, antepoñendo a coherencia e os intereses dos veciños e veciñas, apartamos en moitas ocasións esas liñas vermellas que en política moitas veces se marcan, que normalmente son pouco útiles, e a quen máis prexudican é precisamente ós territorios que gobernamos, pois probablemente seremos das poucas Corporacións a nivel nacional que conqueiron acordos dende os Partidos con representación maioritaria nesta Corporación, como é o Partido Socialista e o Partido Popular.

E como tamén saben, os compañeiros volveron depositar a confianza na miña persoa para volver ser Deputada Provincial, pero por moito que quede por facer é das cousas que no noso haber, no noso curriculum, e dende logo na nosa historia, da que nos sentiremos máis orgullosos, de apartar as liortas políticas e pensar realmente, executar, e cumprir, o que cremos que é bo para a provincia.

A tódalas persoas, que nalgúns casos como algún dos meus compañeiros, abandonaron a política, de feito o ex Alcalde de Guntín que abandona a súa dedicación á política, ou tamén o noso representante por Trabada do Partido Xudicial de Mondoñedo, que non só non van volver ser

Deputados senón que dan un paso atrás, agradecerlles todo o seu traballo; nomeadamente eses dous, pero tamén moita outra xente que durante moitos anos da súa vida traballou para dignificar o que probablemente neste momento teña máis necesidade de ser dignificado ca nunca, pero que os que estamos aquí temos a obriga de seguir traballando para conquistar iso, que a política que dende logo é, dende o meu humilde punto de vista, dos mecanismos máis útiles para poder facer cousas boas polo ben dos demais.

Simplemente Presidente, moita sorte, e moitas grazas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado non adscrito D. Manuel Martínez Núñez, no seguinte sentido:

“Parece que foi onte pero pasaron vinte anos meus nesta Casa, vinte anos obviamente complicados, ás veces difíciles, agradables outras, e o que quero neste momento é basicamente agradecer a tódolos funcionarios desta Casa o seu traballo, o seu esforzo, incluso ás veces aguantarme porque en todo hai luces e sombras. E dende logo o meu máis profundo agradecemento, non só ós que están aquí, senón tamén a aqueles que nestes anos nos abandonaron, que probablemente foron máis dos que nós quixeramos que foran.

O mesmo tamén para os políticos que compartiron escanos comigo estes vinte anos, aquel Alcalde de Castro de Rei que desapareceu, o propio Presidente da Deputación co que tivemos unha relación creo que políticamente correcta, e ás veces algún bota de menos a persoas coma esas porque alo menos sabes a que tes que aterte; ou incluso ó recentemente falecido Alcalde de Baralla; para todos eles o meu recordo e o meu agradecemento.

Por outra banda, creo que xa a voceira do Grupo Popular fixo un relato do que foi esta lexislatura, e estamos todos de acordo en que foi unha lexislatura complicada e convulsa, se no século VII se escribiu o Gran Teatro do Mundo quizá nesta lexislatura se puidera facer outro auto sacramental ou auto político do que ocorreu nesta Casa, aquí pasou o que pasou, para mín xa queda atrás; o que si vou, e sen ánimo de molestar a ninguén porque non é o momento, nin con acritude, retomar unhas palabras que nun momento do debate político me dirixiu o Sr. Sotuela, ademáis creo

que no debate eran correctas, e dicía basicamente “fagan memoria”, explicando moi correctamente o que era o arribismo, e devolvíame por pasiva, e por favor non quero que se moleste ninguén, o de que “o arribista era eu e que de trepador máis ben cara abaixo porque empezou moi arriba e xa está terminando no chan e logo non lle queda para onde ir, non sei se repetiremos en Becerreá pero máis abaixo xa non se pode ir, entón aplíquese isto do arribismo”; e eu a verdade é que apliqueimo e deixoume preocupado, porque isto foi en febreiro deste ano, e tampouco sabía, dadas as dificultades políticas e todo o tipo de trabas que se poñían dende distintas organizacións, o que podía pasar e o que podían pensar os meus veciños.

Estiven orgulloso de facer oposición en Becerreá, estou orgulloso de ter feito oposición na Deputación, e estou moi orgulloso de ter axudado a gobernar esta Deputación e de seguir neste momento moi baixo, moi baixo quere dicir que sigo sendo Alcalde de Becerreá cunha maioría absoluta, e eu sempre dixen aquí, nunca enganei a ninguén, que o meu futuro político estaba ligado ó que decidiran os veciños de Becerreá; e aquí quero darlles as grazas ós veciños de Becerreá e incluso a outros que nesa aventura política que empezamos nos apoiaron sen ter nada que gañar. Porque nun momento en que a política é unha trituradora, estámolo vendo, e nesta provincia moito máis, creo que sobrevivir e estar aquí despois de vinte anos, e trinta e seis traballando por unhas ideas e por un Partido, creo que marchar coa cabeza alta e poder seguir disfrutando dese apoio dos veciños é moi importante, porque como dixo un cura amigo meu “Deus parece que non se durme”, e é verdade.

No persoal sorte a todos, no político saben que nunca llela desexei, e aquí estamos, incluso sen mirar atrás para nada, na vida cométese erros, todos nos equivocamos, e todos temos que facer exame de conciencia que é algo que antes faciamos habitualmente cando eramos cristianos crentes pero que agora non soemos facer porque non practicamos moito. Moitas grazas, e sorte a todos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Xosé Ferreiro Fernández, Voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Comparto coa Sra. Candia que este mandato posiblemente marque historia, que vai ser recordado durante moitos anos polo malo e polo bo; entonces nós en todo caso pediriamoslles ós 25 novos Deputados que compoñan esta Corporación para os próximos catro anos que estuden un pouco o que pasou nesta última lexislatura para que non volva acontecer o que pasou en ocasións neste Pleno e que creo que non debera suceder en ningunha Institución; e por outra banda que intenten copiar e mellorar as cousas boas que houbo tamén neste mandato que, aínda que explicado doutra maneira, tamén fixo referencia a voceira do Grupo Popular, como é ese cambio de filosofía no reparto dos fondos públicos; creo que iso é algo que lle facía moita falta a Lugo, é algo que foi imprescindible, favorecido incluso probablemente pola inestabilidade política que había na propia Corporación, pero que non debera ter volta atrás e que só ten posibilidade de ser mellorado. Iso é o que deberan ver os novos componentes deste Pleno, e espero que afonden niso.

En canto ó máis persoal, e creo que comparte tamén o meu compañeiro comigo, non temos máis ca palabras de agradecemento ó conxunto dos funcionarios desta Institución, que se portaron con nós sempre dunha forma marabillosa, incluso ás veces posiblemente mellor ca nós con eles. E tamén dicir, e creo que compartirá Antonio comigo, que cando cres nunha cousa ás veces lévate a defendelo con moitísima convicción e cométense excesos verbais nalgunhas ocasións defendendo iso con paixón como facemos algúns, co cal se nalgunha ocasión pasamos a liña que sexa aceptable, sobre todo a nivel persoal, eu pola miña banda pido desculpas se así foi; e agora comeza unha nova etapa e dende logo a mín aquí cos vinte e catro compañeiros e compañeiras que tiveron só me quedan nese sentido boas sensacións, e espero que atopémonos onde nos atopemos, sexa na política ou no persoal, manteñamos unha relación que sexa máis ca correcta, alo menos pola miña parte non vai quedar. Moitas grazas a todos e a todas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Antonio Veiga Outeiro, membro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Despois do Sr. Martínez debo ser eu o seguinte Deputado que mais tempo estivo aquí ininterrompidamente, el dicía vinte anos e eu creo que cumpro agora dezaseis, e no 2003-2007 tocounos oposición, no 2007-2011 tocounos goberno, do 2011-2015 tocounos tamén goberno, e no 2015-2019 tocounos de todo, goberno e oposición.

Pero por enriba de todo, igual ca dixeron os que interviron antes, está o respecto por un lado á Institución e por outro á tódolos Grupos Políticos, e especialmente ós traballadores que para nós foron excelentes profesionais, que facían aínda máis do debido por facilitarnos información e por ternos todo á nosa disposición, é moito de agradecer; e a mín que agora me tocarán tamén responsabilidades de goberno nun concello efectivamente o único que pido é que o 2019-2023 sexa unha etapa cun goberno forte, estable, serio, e que pense ó 100% nas necesidades de tódolos concellos que son moitas, obviamente eu sabíao dende a oposición, pero unha vez que se está alí aínda se ve con máis crudeza, polo tanto solidarízome con tódalas Alcaldesas e Alcaldes e dende logo que a man que nos ten que botar a Deputación é importantísima, e por iso hai que traballar e para iso está traballando o noso Grupo Político co Partido Socialista estes días para conseguir un goberno forte e estable, e que se consiga ou non dirano os feitos.

Un agradecemento a todos, e especialmente a aqueles Deputados e Deputadas que compartiron dentro do meu Grupo Político, como eran Fernando Blanco, Antón Bao, M^a. Xosé Vega, Mario Outeiro e Xosé Ferreiro, a todos e a todas moitas grazas”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Jesús Carreira Ferreiro, membro do Grupo Provincial Popular, para manifestar o seguinte:

“Simplesmente quero mostrar un agradecemento a tódolos compañeiros de Corporación que tiveron durante o tempo que levo nesta Institución, interrompidamente pero son tamén uns cantos anos, e agora que deixamos a vida política quero ter ese agradecemento polo trato recibido por tódolos compañeiros; non podo esquecer lóxicamente ós funcionarios da Deputación polos que sempre fun atendido moi correctamente, quizá mellor do que eu merecía; e tamén agradecer ós medios de comunicación o trato recibido todos estes anos tanto aquí coma no concello de Guntín; tamén quero ter un agradecemento especial para os funcionarios de Vías e Obras e Parque Móbil onde estiveron á fronte durante uns meses coordinando a ese persoal.

Quero tamén agradecer a toda a provincia polo trato que recibín que sempre foi moi agradable. E a todos moita sorte, e moitas grazas”.

Intervén o Sr. Presidente, quen manifesta o seguinte:

“Moitas grazas a todos, a verdade é que lles agradezo o ton do discurso de despedida, lástima que non fora así noutros Plenos; foi un mandato duro, e eu estou agradecido a todos, ós funcionarios polo traballo feito durante estes catro anos, e a tódolos veciños da provincia por permitirme gobernar esta Deputación durante estes catro anos.

Sorte na vida para todos, na persoal e na política, tanto para os que están aquí coma para os que veñen, e que sigan traballando para a provincia. Moitas grazas”.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.